

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MELIDE

Creación de mesa de contratación permanente

ANUNCIO

ASUNTO: DE CREACIÓN DE MESA DE CONTRATACIÓN PERMANENTE.

Logo de ver o disposto no artigo 320.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro que di: “Mesas de contratación.1. Salvo en el caso en que la competencia para contratar corresponda a una Junta de Contratación, en los procedimientos abiertos y restringidos y en los procedimientos negociados con publicidad a que se refiere el art.177.1 los órganos de contratación de las Administraciones Públicas estarán asistidos por una Mesa de contratación, que será el órgano competente para la valoración de las ofertas. En los procedimientos negociados en que no sea necesario publicar anuncios de licitación, la constitución de la Mesa será potestativa para el órgano de contratación.”

Logo de ver o disposto no apartado 10 da Disposición Adicional Segunda do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro que di: “La Mesa de contratación estará presidida por un miembro de la Corporación o un funcionario de la misma, y formarán parte de ella, como vocales, el Secretario o, en su caso, el titular del órgano que tenga atribuida la función de asesoramiento jurídico, y el Interventor, así como aquellos otros que se designen por el órgano de contratación entre el personal funcionario de carrera o personal laboral al servicio de la Corporación, o miembros electos de la misma, sin que su número, en total, sea inferior a tres. Actuará como Secretario un funcionario de la Corporación”.

Logo de ver o disposto no artigo 21.4 do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a lei 30/2007, de 30 de outubro de contratos do sector público segundo o que:

“4. La designación de los miembros de la mesa de contratación podrá hacerse con carácter permanente o de manera específica para la adjudicación de cada contrato. Su composición se publicará en el perfil de contratante del órgano de contratación correspondiente con una antelación mínima de siete días con respecto a la reunión que deba celebrar para la calificación de la documentación referida en el artículo 130.1 de la lei 30/2007, de 30 de Octubre. Si es una mesa permanente, o se le atribuyen funciones para una pluralidad de contratos, su composición deberá publicarse además en el Boletín Oficial del Estado, en el de la Comunidad Autónoma o en el de la Provincia, según se trate de la Administración General del Estado, de la Autonómica o de la Local.5. A las reuniones de la mesa podrán incorporarse los funcionarios o asesores especializados que resulten necesarios, según la naturaleza de los asuntos a tratar, los cuales actuarán con voz pero sin voto.6. Todos los miembros de la mesa tendrán voz y voto, excepción hecha del secretario que sólo tendrá voz.7. Para la válida constitución de la mesa deberán estar presentes la mayoría absoluta de sus miembros, y, en todo caso, el Presidente, el Secretario y los dos vocales que tengan atribuidas las funciones correspondientes al asesoramiento jurídico y al control económico-presupuestario del órgano.8. Las disposiciones contenidas en los apartados anteriores serán aplicables, igualmente, a las mesas de contratación que se constituyan para intervenir en procedimientos de adjudicación en que no sea preceptiva su constitución.”

Considerando, polo tanto, que conforme á normativa aplicable será o órgano de contratación o que nomeará, ben de modo permanente, ben de modo específico, a Mesa de Contratación.

A Xunta de Goberno Local, en canto órgano que tiña delegadas todas as competencias en materia de contratación tanto do Pleno como da Alcaldía na sesión que tivo lugar o vinte e sete de marzo de 2013 acordou a constitución da mesa de contratación permanente, constitución que foi publicada no BOP nº 75 de data 19 de abril de 2013.

A Alcaldía mediante Decreto de 19 de xuño de 2015 adoptou os correspondentes acordos en relación cos concelleiros delegados, nomeando Concelleira de obras, Coordinación de sevizos e Educación a dona María Rosa Cabado Rodríguez. No mesmo día acordou a constitución da Mesa de Contratación Permanente en relación cos contratos da súa competencia e tamén no mesmo día acordou a delegación na Xunta de Goberno Local as competencias da Alcaldía en materia de contratación que lle atribue a lexislación aplicable.

O Pleno na sesión que tivo lugar o día 25 de xuño de 2015, acordou darse por enterado do Decreto da Alcaldía de data 2015 polo que se crea a Mesa de Contratación Permanente para asistencia a alcaldía nos procedementos de contratación da súa competencia e adpotou o acordo de constituir a Mesa de Contratación Permanente para todos os procedementos de contratación competencia do Pleno en termos idénticos aos establecidos pola alcaldía no seu decreto de data 19 de xuño de 2015

Resultando así que se trata dunha única Mesa de Contratación Permanente tanto para os procedementos de contratación competencia da alcaldía coma do Pleno.

Quedando constituída a Mesa de Contratación Permanente para todos os procedementos de contratación do seguinte xeito e co seguinte réxime xurídico:

a) Membros:

Presidente/a:

A alcaldesa- Presidenta

Vogais:

A Secretaria Xeral Municipal

A Interventora Xeral Municipal

O Arquitecto Técnico municipal

A concelleira/o que teña atribuída a área de obras, servizos.

Secretario/a:

O funcionario/a que desempeñe o posto de xefe de negociado de servizos xerais, que poderá ser substituído por un funcionario do Concello designado pola alcaldía da subescala administrativa ou superior.

Sustituicións:

En caso de vacante, ausencia, enfermidade u outra causa legal que impida a asistencia dos titulares, éstos serán substituídos: O Presidente polo tenente de alcaldesa que corresponda no seu caso, A Secretaria Xeral polo funcionario a quen corresponda a súa substitución accidental; A Interventora Xeral polo funcionario ao que corresponda a súa substitución accidental; O arquitecto técnico municipal por un concelleiro/a intregante do grupo de goberno designado pola alcaldía; A concelleira/o que teña atribuída a área de obras e servizos por un concelleiro intregante do grupo de goberno designado pola alcaldía.

b) Réxime Xurídico da Mesa de Contratación Permanente.

1.- A Mesa de Contratación permanente reunirse naqueles casos nos que a convoque a alcaldía, en atención aos expedientes de contratación que deba de coñecer e que, conforme ao artigo 320 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro esixan a súa intervención.

2. Para a válida constitución da Mesa deberán estar presentes a maioría absoluta dos seus membros e, en todo caso, o Presidente, o Secretario, e como vogais a Secretaria e a Interventora Xerais.

3.- Todos os membros da Mesa de Contratación terán voz e voto, agás o Secretario que actuará con voz pero sen voto. A Mesa poderá propoñer á Presidencia o nomeamento de cantos asesores considere conveniente en razón dos seus especiais coñecementos técnicos, que poderán asistir ás súas reunións, con voz e sen voto, naqueles procedementos de contratación nos que a complexidade das valoracións das ofertas así o aconselle, sen que teñan a consideración de membros da Mesa de Contratación, nin outra función que a de informar e asesorar de forma non vinculante.

4. A Mesa de Contratación permanente rexerese, en canto ao seu funcionamento, pola presente Resolución, polo Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 do 30 de outubro de Contratos do Sector Público, polo establecido en materia de órganos colexiados no Capítulo II do Título II da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

c) Efectos.

A presente Resolución debe publicarse no perfil do contratante e no Boletín Oficial da Provincia e producirá efectos dende o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Melide, 2 de xullo de 2015

A Alcaldesa, María Ángeles Vázquez Mejuto.